

# MARJORY GORDON



1 - (1) American Academy of Nursing, 2009.

---

**8 de marzo [2025]**

***Patrón da Fac. de Enfermaría | Día Internacional da Muller***

***Mostra bibliográfica***

---

Na liña dos últimos anos e co gallo da celebración o 8 de marzo do patrón da Facultade de Enfermaría e do Día Internacional da Muller, preparamos unha pequena mostra bibliográfica co obxectivo de visibilizar e poñer en valor o papel das mulleres na historia e na evolución da Enfermaría.

Este 2025, a través dos recursos bibliográficos da BUSC, abordamos a figura de Marjory Gordon, creadora dun método de valoración de enfermaría recoñecido a nivel mundial, os *Padróns Funcionais de Saúde*, co que se converteu nunha peza clave do desenvolvemento do diagnóstico e das linguaxes estandarizadas no campo da enfermaría.

## Algúns datos biográficos

Naceu o 10 de novembro de 1931 en Cleveland, Ohio.

Diplomouse no 1955 na Escola de Enfermaría do Hospital Monte Sinaí.

No 1961 licenciouse en Educación, con especialización en enfermaría, no Hunter College de Nova York e ao ano seguinte obtivo un mestrado en docencia de enfermaría médico-cirúrxica.

Entre 1962 e 1971 traballou na división de posgrao do Departamento de Enfermaría Médica Cirúrxica na Escola de Enfermaría da Universidade de Boston.

Do 1969 ao 1972 cursou estudos de doutoramento en Psicoloxía Educativa no Boston College, institución na que ensinou no Departamento de Enfermería ata a súa xubilación en 1996. Nese ano foi nomeada profesora emérita.

Desde o 1973 foi a presidenta do grupo de traballo do Grupo Nacional para a Clasificación de Diagnósticos de Enfermaría.

No 1977 foi escollida membro da Academia Estadounidense de Enfermaría.

Foi a presidenta inaugural da Asociación Norteamericana de Diagnósticos de Enfermaría (NANDA), fundada en 1982, cargo para o que foi reelegida dúas veces.

Ao longo da súa traxectoria, recibiu varios recoñecementos e galardóns, entre os que cómpre destacar o premio "Lenda Viva" da Academia Estadounidense de Enfermaría no ano 2009.

Faleceu o 29 de abril de 2015.

Nas coleccións dixitais da John J. Burns Library (Boston College) contan coa colección [Marjory Gordon Papers](#) (Identifier: MS-2004-066), na que se recolle documentación persoal e relacionada coa súas obras e investigacións. É posible solicitar reproducións coas limitacións establecidas na lexislación sobre dereitos de autor dos Estados Unidos.

## Obras

As súas obras fundamentais son o [Manual de diagnósticos de enfermería](#) e [Diagnóstico en enfermería: proceso y aplicación](#), editadas por primeira vez en 1982. Escritas orixinalmente en inglés, ambas as dúas obras foron traducidas a outras linguas e reeditadas en varias ocasións ao longo da vida da autora e despois do seu falecemento. Neste sentido destaca a primeira, reeditada por 15.<sup>a</sup> vez no 2024.

No 2008 publica [Assess Notes: Nursing Assessment & Diagnostic Reasoning](#), que é unha guía práctica para estudantes baseada nos Padróns Funcionais de Saúde.

## Contribución ao Proceso de Atención de Enfermaría

O Proceso de Atención de Enfermaría (PAE) "es una forma dinámica y sistematizada de brindar cuidados enfermeros" (2). Adapta o método científico na práctica asistencial enfermeira e permite que o persoal de enfermaría preste cuidados de xeito racional, lóxico e sistemático. É un proceso que segue cinco fases sucesivas e interrelacionadas (3)

Marjory Gordon contribuíu ao desenvolvemento do PAE, especificamente ás súas dúas primeiras fases, valoración e diagnóstico, coa creación do seu modelo dos **Padróns Funcionais de Saúde** (PFD).

A valoración consiste na recollida de información sobre o estado de saúde do paciente, a través da propia persoa, da familia ou da comunidade (3). Posteriormente, estes datos serán organizados ou agrupados de acordo cun determinado enfoque ou modelo para facer o diagnóstico de enfermaría (neste caso os PFS). Neste proceso, ademais dun modelo estandarizado baixo o que agrupar os datos recollidos, tamén é esencial contar cunha linguaxe estandarizada que reflecta de forma exacta os xuízos clínicos do persoal de enfermaría.

Marjory Gordon tivo un papel destacado nas orixes das taxonomías enfermeiras. En palabras da American Academy of Nursing:

"Her vision for the use of standardized nursing languages has allowed nursing to move into the 21st century well-prepared for the use of electronic health records and with the knowledge to demonstrate and make visible the effectiveness and efficiency of nursing practice".

Ademais, a NANDA desenvolveuse ao redor da súa teoría dos Padróns, xa que como se indica na obra [Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y clasificación 2018-2020](#), "cada dominio y clase están definidos de manera que el marco ayude a la enfermera a localizar un diagnóstico enfermero en la taxonomía" (5). Con todo, a taxonomía NANDA ten como única función a de "(...) clasificar/categorizar los diagnósticos enfermeros" (5), de xeito que non funciona como marco de valoración (5).

## Os Padróns Funcionais de Saúde

Marjory Gordon identificou os padróns funcionais a mediados dos anos setenta, cando era docente na Escola de Enfermería de Boston, como forma para ensinarlles aos seus alumnos a valoración e o diagnóstico enfermeiros.

Trátase dunha estrutura de fácil aprendizaxe para valorar e analizar os datos do paciente de cara á emisión dun diagnóstico, tal como se indica no prefacio do *Manual de diagnósticos de enfermaría*. Esta guía ou estrutura estandarizada para a valoración dos pacientes está baseada na existencia en todas as persoas duns padróns funcionais que contribúen á súa saúde, calidade de vida e logro do seu potencial humano e que ocorren dunha forma secuencial no transcurso do tempo. Así, segundo Gordon, describir e avaliar estes padróns permitirá identificar as necesidades dos pacientes (padróns funcionais) e os diagnósticos enfermeiros (padróns disfuncionais) [\(6\)](#).

A tipoloxía de Padróns Funcionais de Saúde establecida por Marjory Gordon para a organización e agrupación dos diagnósticos de enfermaría está composta por unha secuencia de **11 padróns**:

1. Padrón de percepción-manexo da saúde
2. Padrón nutricional-metabólico
3. Padrón de eliminación
4. Padrón de actividade-exercicio
5. Padrón de sono-reposo
6. Padrón cognitivo-perceptivo
7. Padrón de autopercepción-autoconcepto
8. Padrón de rol-relacións
9. Padrón de sexualidade-reproducción
10. Padrón de afrontamento-tolerancia ao estrés
11. Padrón de valores-crenzas

Décadas despois da súa aparición, o modelo dos PFS segue a estar plenamente vixente e conta con gran repercusión nas investigacións que se están desenvolvendo nos últimos anos no campo da enfermaría. Proba disto son as decenas de artigos que podemos rastrexar desde o [catálogo da biblioteca](#) nos que se presentan os resultados de diversas investigacións nas que se aplicou o modelo dos padróns de Gordon. Sirvan como mostra os seguintes, publicados no ano 2024:

- [Estudio de caso: Educación terapéutica a adulto mayor con diabetes mellitus tipo 2 y osteoporosis](#)
- [Cuidados de enfermería a un paciente con infección de herida de muñón \(CIE S71.1\) post operado de amputación supracondílea miembro inferior derecho: un caso clínico](#)

- [Cuidados de enfermería a pacientes con insuficiencia respiratoria mixta en cuidados intensivos \(CIE J96.0\): un estudio de caso](#)
- [Cuidados de enfermería a un paciente con toxoplasmosis cerebral \(B58\) en un hospital nacional: un estudio de caso clínico](#)
- [Cuidados de enfermería a un paciente con quemadura de III grado en mano izquierda \(T23\) con AIPP: un estudio de caso clínico](#)
- [Cuidados de enfermería en paciente con enfermedad pulmonar obstructiva crónica \(CIE J40.0\): un estudio de caso clínico](#)
- [Cuidado de enfermería a la persona adulta con fibromialgia: reporte de caso](#)
- [Nursing care plan for a patient with Fournier's gangrene: Clinical case](#)
- [Necessidades de saúde: experiência de mulheres idosas num centro de dia](#)
- [Transplante renal con ureterostomía cutánea](#)
- [Trombosis venosa en paciente portadora de marcapasos. Plan de cuidados individualizado](#)
- [Plan de Cuidados de Enfermería en un Paciente con Neumonía Adquirida en la Comunidad: Caso Clínico](#)
- [Plan de cuidados estandarizado para pacientes con esclerosis lateral amiotrófica](#)

## AS TAXONOMÍAS ENFERMEIRAS

A clasificación máis estendida é a dos diagnósticos enfermeiros, publicados pola NANDA-Internacional cada dous anos. Na obra [Metodología enfermera: taxonomías y planes de cuidados estandarizados](#), Martín Romo analiza a súa evolución. Seguindo a dita obra, presentamos un resumo dos momentos fundamentais:

A NANDA ten a súa orixe na organización por parte de Kristine Gebbie e Mary Ann Lavin, da Escola de Enfermaría da Universidade de San Luís, da Primeira Conferencia Nacional para a Clasificación dos Diagnósticos de Enfermaría (1973), que deu lugar á formación dun grupo de traballo para identificar e clasificar os diagnósticos.

Ata a 3ª Conferencia só se acadou unha listaxe alfabética. A partir dese momento, Callista Roy e outras teóricas como Dorothea Orem, Imogne King, Margaret Newman e Martha Rogers traballan no desenvolvemento da base teórica na que sustentar o esquema de clasificación: os chamados **Padróns do Home Unitario**, que se presentan na 5ª Conferencia.

En 1982, a raíz da celebración da 5ª Conferencia, créase oficialmente a Asociación Norteamericana de Diagnósticos de Enfermaría (NANDA), que "estableció las directrices oficiales para la revisión e inclusión de los diagnósticos de enfermería en la primera

taxonomía editada (Taxonomía I)" (6). A partir deste momento a asociación está aberta a todos os profesionais da enfermaría. O obxectivo fundamental é "desarrollar y perfeccionar los diagnósticos de enfermería y la formación de una taxonomía diagnóstica propia" (2, p. 58).

Posteriormente, créase un grupo de traballo con Phyllips Kritek á cabeza, encargado de formar a primeira taxonomía.

Na 7ª Conferencia (1986) os Padróns do Home Unitario pasan a denominarse **Padróns de Resposta Humana**.

No 1998 o comité para a Taxonomía presenta á directiva de NANDA catro definicións Q con diferentes marcos, un deles baseado nos padróns funcionais de Gordon, que finalmente foi considerado o mellor.

No ano 2002 a NANDA pasa a denominarse NANDA-Internacional e busca a creación dunhas normas terminolóxicas que teñan un carácter e recoñecemento internacional (6). Ese mesmo ano apareceu a Taxonomía II, que serviu como base para a taxonomía NANDA-NOC-NIC (6).

Ademais da NANDA, existen outras dúas taxonomías enfermeiras: a *Nursing Outcomes Classification* (NOC), que describe os obxectivos nos cuidados enfermeiros, e a *Nursing Interventions Classification* (NIC), que recolle de forma estandarizadas as intervencións nos pacientes de enfermaría.

A BUSC conta con diferentes recursos centrados no estudo e aplicación das taxonomías enfermeiras, entre os que salientamos os seguintes:

- [NANDA International: Diagnósticos enfermeros: definiciones y clasificación 2018-2020](#)
- [Vínculos de NOC y NIC a NANDA-I y diagnósticos médicos: soporte para el razonamiento crítico y la calidad de los cuidados](#)
- [Manual de diagnósticos enfermeros](#)
- [Los diagnósticos enfermeros: revisión crítica y guía práctica](#)
- [Lenguaje NIC para el aprendizaje teórico-práctico en enfermería](#)
- [¡Qué me dices! NANDA, NIC, NOC: conocimiento del personal de enfermería del área sanitaria de Santiago del lenguaje enfermero Nanda Nic Noc](#)
- [Uso y utilidad de planes de cuidados estandarizados con taxonomía NANDA-NIC-NOC en unidades de hospitalización de adultos](#)
- [Taxonomía NANDA-NOC-NIC asociada a Grupos Relacionados por el Diagnóstico en un hospital de alta complejidad: un estudio descriptivo](#)

- [Análisis de la implantación de lenguaje enfermero en centros con historia clínica electrónica](#)
- [As necesidades de cuidado do cliente oncológico hospitalizado: Aplicação da taxonomia nanda](#)
- [Estandarizar el lenguaje para normalizar procesos: taxonomía NANDA](#)
- [Método científico y lenguaje enfermero estandarizado](#)

### *NNNConsult*

A BUSC proporciona á comunidade universitaria acceso á ferramenta [NNNConsult](#), integrada na base de datos *ClinicalKey Student Nursery*. Trátase dunha ferramenta que permite consultar en liña as taxonomías enfermeiras NANDA, NOC e NIC, así como os seus vínculos, e crear plans de coidados.

Tal como explica Elsevier no documento [Preguntas y Respuestas ClinicalKey Student Nursing](#), o paquete *NNN* non é só unha versión electrónica dos libros en papel, senón que ofrece outras funcionalidades, entre as que destacan as seguintes: busca rápida por contidos, clasificación e organización de acordo coas *Necesidades e Padróns* e visualización de suxestións de vínculos entre as taxonomías.

*NNNConsult* presenta contidos actualizados baseados nas últimas edicións das seguintes cinco obras. Premendo na ligazón accedese á última edición dispoñible no catálogo da BUSC:

1. [Diagnósticos enfermeros: Definiciones y clasificación](#)
2. [Clasificación de Intervenciones de Enfermería \(NIC\)](#)
3. [Clasificación de Resultados de Enfermería \(NOC\)](#)
4. [Vínculos de NOC y NIC a NANDA-I y diagnósticos](#)
5. [Manual de Diagnósticos de Enfermería](#)

As terminoloxías NANDA, NOC e NIC son vitais no noso sistema sanitario, xa que o [Real Decreto 1093/2010, de 3 de setembro, polo que se aproba o conxunto mínimo de datos dos informes clínicos no Sistema Nacional de Saúde](#) (actualizado en xullo do 2023), establece que os diagnósticos enfermeiros serán expresados en texto codificado NANDA, os resultados de enfermaría en texto codificado NOC e as intervencións de enfermaría en texto codificado NIC.

As estatísticas de consulta da ferramenta *NNNConsult* na USC tamén amosan a importancia e vixencia destas taxonomías, como se reflicte na seguinte táboa:

<b>Datos de uso de NNNConsult na USC</b>	
<b>Ano 2023</b>	
<b>Sesi3ns</b>	4.067
<b>Usuarios rexistrados</b>	255
<b>Taxonomías</b>	<b>Páxinas vistas</b>
NANDA	22.982
NOC	15.929
NIC	11.559
Diagn3sticos m3dicos	452
Buscador	11.638
<b>Total</b>	<b>62.500</b>

## Imaxes da mostra física



# MARJORY GORDON

## E A EVOLUÇÃO DAS TAXONOMIAS NANDA

**1973**  
Mary Ann Lavin e Kristine Gebbie convocan o primeiro grupo de traballo nacional para nomear e clasificar os diagnósticos de enfermaría en St. Louis, Missouri.

**1974**  
Actas da primeira conferencia publicadas e editadas por Gebbie e Lavin.

**1982**  
Créase a NANDA (North American Nursing Diagnosis Association). **Marjory Gordon** é elixida primeira presidenta de 1982 a 1988.

**1990**  
Publicase a revista oficial da Asociación Nursing Diagnosis. A Revista NANDA converteuse na Revista Internacional de Terminoloxías e Clasificacións de Enfermaría, baixo a Wiley Publishing Company.

**2002**  
North American Nursing Diagnosis Association convértese nunha Asociación internacional e pasa a chamarse NANDA internacional (NANDA-I).

**2008**  
NANDA-I escolleu ao seu primeiro presidente fóra de América do Norte (Reino Unido).

**2017**  
NANDA-I estableceu un vínculo académico coa Escola de Enfermería Connell do Boston College e o **Marjory Gordon Program for Clinical Reasoning and Knowledge Development**.

**2023**  
NANDA-I celebra o seu 50 aniversario en Boston College, Chestnut Hill, MA.

**1973-1982**  
**Marjory Gordon** é a primeira presidenta do Grupo de traballo da Conferencia Nacional sobre Clasificación de Diagnósticos de Enfermaría.

**1977**  
O grupo Enfermaría Teórica propón a NANDA e ao Comité de Taxonomía un marco organizativo para o diagnóstico de enfermaría chamada *Padróns do Home Unitario*.

**1988**  
Desenvolveuse a Taxonomía I *The Orange Book*.

**1997**  
Primeira reunión conxunta de NANDA, NIC e NOC (a primeira Conferencia 3N).

**2003**  
Conferencia NNN celebrada (Chicago) para unificar linguaxes de enfermaría: a harmonización de NANDA, NIC e NOC. Incluída a taxonomía NNN orixinal.

**2016**  
A revista NANDA-I converteuse en *The International Journal of Nursing Knowledge*.


**2018**  
NANDA-I asociouse con Thieme Medical Publishers para desenvolver unha base de datos relational para proporcionar a clasificación NANDA-I.

ACCESO A NNNCONSULT





3 - Vitrina da mostra na Biblioteca de Enfermaría



## Referencias bibliográficas

1. American Academy of Nursing. Recognition Ceremony for 2009 Living Legends da American Academy of Nursing. 2009. Disponível em <https://www.yumpu.com/en/document/read/34474827/2009-living-legends-american-academy-of-nursing>. Acesso o 24 de febreiro de 2025.
2. Alfaro-LeFevre, R. Aplicación del proceso enfermero: fomentar el cuidado en colaboración. 5ª ed. Barcelona: Doyma; 2003. p. 5.

3. Martín-Romo Mejías, J. Metodología enfermera : taxonomías y planes de cuidados estandarizados. 2ª ed. Málaga: Editorial ICB; 2012. Disponible en: <https://elibro-net.ezbusc.usc.gal/es/lc/busc/titulos/120564>.
4. Martínez Martínez, C. Dificultades en la valoración enfermera. Enfermería clínica. 2003; 13(4): 195-201.
5. Herdman, T, Kamitsuru, S. NANDA International: Diagnósticos enfermeros: definiciones y clasificación 2018-2020. 11ª ed. Barcelona: Elsevier; 2019. p. 57-58.
6. Maya Sánchez, B. de, Hernández Garre, J.M. Historia del cuidado : enfermeras/os, practicantes y matronas. 1ª ed. Almería: Círculo Rojo; 2018.